IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 14 de outubro de 2026 pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas no proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e no proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocados pola Orde do 11 de agosto de 2026.

No *Diario Oficial de Galicia* número 158, do 21 de agosto de 2026, publicouse a Orde do 11 de agosto de 2026 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e no proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector.

No *Diario Oficial de Galicia* número 166, do 2 de setembro de 2026, publicouse a orde pola que se modificou o obxecto da convocatoria da Orde do 11 de agosto de 2026 referida no parágrafo anterior.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e de acordo co regulado na dita orde, esta dirección xeral

RESOLVE:

1. Aprobar as listaxes provisionais de persoas admitidas no proceso selectivo de proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) e no proceso de provisión por mobilidade (código de procedemento PR461J) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocados pola Orde do 11 de agosto de 2026.

Poderán consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública https://agasp.xunta.gal:

– A listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas ao procedemento PR461F (promoción interna).

2. Informar que, de acordo coas solicitudes recibidas:

– Non hai persoas excluídas para participar neste proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F).

CVE-DOG: mnjjrg94-dyy1-6hd7-yzz7-6fywtbmd8oz9

– Non se recibiron solicitudes para participar no proceso de provisión de mobilidade (código de procedemento PR461J).

As persoas aspirantes que non figuren na relación de persoas admitidas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para formular a súa reclamación.

A Estrada, 14 de outubro de 2026

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

CVE-DOG: mnjjrg94-dyy1-6hd7-yzz7-6fywtbmd8oz9